

---

## DOUS OSIÑOS

Texto e fotografías de YLLA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

---

Encadernado en cartón. 22 x 28 cm. 40 páx. 16 €

**Dous osiños** (galego)

ISBN 978-84-1343-115-4. Álbum ilustrado. Tras os montes.

**Dos ositos** (castelán)

ISBN 978-84-1343-116-1. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**Dos ossets** (català)

ISBN 978-84-18558-28-3. Àlbum iHustrat. Clàssics contemporanis.

*Dous osiños, irmá e irmán, asomáronse ao mundo. Naceran durante o inverno, baixo a neve que cubría a súa cova quentiña. Agora querían saír para sentir a calor do sol, correr por riba da herba e ulir as flores. Aquel día, mamá osa decidiu ir na procura de mel ao bosque. E advertiulles antes de marchar:*

*—Esperádeme aquí. Volverei pronto, non vos afastedes da casa, que vos podedes perder...*


Publicado en Nova York en 1954, «Dous osiños» foi un éxito mundial durante a *idade dourada* do libro ilustrado con fotografías, un referente da fotoliteratura para público infantil e xuvenil.

Dous cachorros asisten ao inicio da primavera, ansiosos por descubrir canto hai fóra do seu tobo. Mentres mamá osa sae, desobedecen e van ao campo, xogan, gabean ás árbores... ata que se decatan de que están perdidos e piden axuda a outros animais; un esquema narrativo propio dos contos clásicos. As imaxes de Ylla son a fauna e a natureza en estado puro, nas que podemos recoñecer instintos e expresións -curiosidade, sorpresa, temor...- que transmiten unha fonda tenrura.

Ylla, diminutivo de Camilla Koffler, foi unha das principais fotógrafas de animais. A raíz dunha estancia en África en 1952, decidiu mudar o seu método de traballo, substituíndo os zoolóxicos e o estudio por escenarios naturais. Segundo o biólogo evolutivo Julian Huxley, que contou coa colaboración de Ylla no seu libro «Animal language», “ninguén fotografou animais coma ela; era moi especial porque nas súas fotos captaba unha cualidade esencial dos animais, algo que fotógrafos máis ortodoxos tenden a ignorar ao esforzarse en obter unha representación máis realista e complexa”.

A vida de Ylla inspirou o director e produtor Howard Hawks no filme «Hatari!» (1962), protagonizado por John Wayne e Elsa Martinelli.

A curtametraxe «Les pigeons du square», de Jean Painlevé, tamén está dedicada á súa memoria.



---

■ **Temática:** natureza.

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** fotografías en branco e negro; fotografía de natureza, realismo, expresividade animal; fauna salvaxe.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/dous-osinhos-g>

---

### Ylla (Camilla Koffler)

(Viena, 1911 - India, 1955)

A I Guerra Mundial marcou a súa infancia, obrigándoa a fuxir a pé coa súa nai entre Hungría, Rumanía e Iugoslavia. Estudou Escultura na Academia de Belas Artes de Belgrado e ampliou a súa formación na Académie Colarossi de París mentres traballaba como asistente de retoque fotográfico. Accedeu ao ambiente artístico de Montparnasse abrindo un estudio especializado en retratos de animais e axiña conseguiu promoción internacional a través da axencia Rapho. Publicou o seu primeiro libro importante en 1938, ano no que colaborou na obra «Animal language» do científico Julian Huxley. A II Guerra Mundial truncou a súa carreira en Francia, trasladándose aos Estados Unidos a través do Museo de Arte Moderna de Nova York. Alí a súa obra difundíuse nas principais revistas ilustradas internacionais. Tamén viaxou por Kenia e Uganda fotografando animais salvaxes no seu hábitat. Entre 1944 e 1954 publicou unha decena de libros, algúns deles para público infantil. Faleceu a consecuencia da caída dende un vehículo mentres tomaba imaxes dunha carreira de bois na India.

<http://losgrandesfotografos.blogspot.com/2019/01/ylla-camilla-koffler-1911-1955.html>

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---